

ACTA NÚMERO: 24/2026**ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 18 DE XUÑO DE 2026.**

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 18 de xuño de 2026 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- Dona María Beatriz del Cerro del Río, Secretaria.
- Dona Susana Escaloni Varela, Viceinterventora da Deputación.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Carmen Fraguas Sarrapio, Técnica de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 11 de xuño de 2026 (Reunión 23/2026).
2. Dar conta da oferta presentada pola empresa Frimat Export, S.L. (B32417578) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para a contratación de catro actuacións do grupo Vanesa Muela e a Banda Traka con cargo ao programa +Música 2026. (Expte.- 2026022302).
3. Dar conta da oferta presentada por Beatriz Gómez Fandiño (53187385T) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para a contratación de tres actuacións do grupo Xuntos pola Música con cargo ao programa +Música 2026. (Expte.- 2026022850).
4. Dar conta do resultado da poxa de gando vacún da Finca de Mouriscade celebrada o día 12 de xuño de 2026. (Expte.- 2026032121).
5. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración, instalación e posta en marcha dun analizador multiparámetro selectivo automatizado de análises químicos con determinación por colorimetría para o laboratorio da Finca Mouriscade. (Expte.- 2026016393).
6. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6007 Goleta-Cercio-Estrada Rodo-Brántega, dende o P.Q. 2+550 ao P.Q. 2+800. Concello de Lalín". (Expte.- 2026016418).
7. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante fórmulas, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6007 Goleta-Cercio-Estrada Rodo-Brántega, dende o P.Q. 2+550 ao P.Q. 2+800. Concello de Lalín". (Expte.- 2026016418).
8. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición de firme na E.P. 2602 Peinador-Louredo, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 4+420 (Concello de Mos)". (Expte.- 2025070519).
9. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante fórmulas do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición de firme na E.P. 2602 Peinador-Louredo, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 4+420 (Concello de Mos)". (Expte.- 2025070519).
10. Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de catering do programa +CONVIVIR 2026-2027. (Expte.- 2026029043).
11. Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á proposta avaliable mediante fórmulas, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de catering do programa +CONVIVIR 2026-2027. (Expte.- 2026029043).
12. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de deseño e desenvolvemento de rutas sensoriais para a posta en valor do patrimonio atlántico do proxecto EAPA_0073/2024_AWAVES. (Expte.- 2026023199).
13. Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes ás ofertas avaliable mediante fórmulas, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do Servizo de deseño e desenvolvemento de rutas sensoriais para a posta en valor do patrimonio atlántico do proxecto EAPA_0073/2024_AWAVES. (Expte.- 2026023199).
14. Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de produtos alimenticios para o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026004395).



15. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á proposta avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de produtos alimenticios para o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026004395).*
16. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de visitas teatralizadas para o castelo de Soutomaior e do castelo de Sobroso da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2025073243).*
17. *Apertura electrónica dos sobres "C" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de visitas teatralizadas para o castelo de Soutomaior e do castelo de Sobroso da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2025073243).*
18. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación dos servizos do centro de atención ás persoas usuarias (CAU) da Deputación de Pontevedra (Expte. – 2026004846)*
19. *Apertura electrónica dos sobres "C" correspondentes á documentación avaliable mediante fórmulas, do procedemento aberto convocado para a contratación da contratación dos servizos do centro de atención ás persoas usuarias (CAU) da Deputación de Pontevedra (Expte. – 2026004846)*

Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE, Dona María Belén Pampín Camino, Xefa de Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e Don Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 11 de xuño de 2026 (Reunión 23/2026).*

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión, votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 11 de xuño de 2026 (Reunión 23/2026).

2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Frimat Export, S.L. (B32417578) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para a contratación de catro actuacións do grupo Vanesa Muela e a Banda Traka con cargo ao programa +Música 2026. (Expte.- 2026022302).*

Por Resolución Presidencial RP2026004753 de data 10/06/2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, da contratación de catro actuacións do grupo Vanesa Muela e a Banda Traka con cargo ao programa +Música 2026.

Na citada resolución procedeuse a invitar á empresa Frimat Export, S.L. (CIF B32417578), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 10/06/2026.



A empresa Frimat Export, S.L. (CIF B32417578) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	16.859,50 €
IVE (21 %)	3.540,50 €
Importe ofertado con IVE	20.400,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Frimat Export, S.L. (CIF B32417578), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación de catro actuacións do grupo Vanesa Muela e a Banda Traka con cargo ao programa +Música 2026.

3. Dar conta da oferta presentada por Beatriz Gómez Fandiño (53187385T) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para a contratación de tres actuacións do grupo Xuntos pola Música con cargo ao programa +Música 2026. (Expte.- 2026022850).

Por Resolución Presidencial RP2026004837 de data 11/06/2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, da contratación de tres actuacións do grupo Xuntos pola Música con cargo ao programa +Música 2026.

Na citada resolución procedeuse a invitar a Beatriz Gómez Fandiño (NIF 53187385T), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 12/06/2026.

Beatriz Gómez Fandiño (NIF 53187385T) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	30.000,00 €
IVE (21 %)	6.300,00 €
Importe ofertado con IVE	36.300,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada por Beatriz Gómez Fandiño (NIF 53187385T), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación de tres actuacións do grupo Xuntos pola Música con cargo ao programa +Música 2026.

4. Dar conta do resultado da poxa de gando vacún da Finca de Mouriscade celebrada o día 12 de xuño de 2026. (Expte.- 2026032121).



A Secretaría informa que o anuncio de licitación publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 91 de data 15 de maio de 2026, e no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 15 de maio de 2026, xunto cos pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes de participación, publicouse a data de celebración da poxa no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, quedando os licitadores convocados para o día 12 de xuño de 2026, ás 11 horas, na Finca Mouriscade.

A licitación dos lotes realizaouse baixo a modalidade de “poxa á llana”, convidando os licitadores a manifestar as súas posturas; a primeira das cales debía cubrir, como mínimo, o prezo de saída do lote. O incremento das ofertas polos lotes que realizaban os licitadores tiña que facerse de viva voz, alzando o cartel co seu número de identificación.

Retiraronse os seguintes lotes:

LOTE	Vaca	Crotal	Rexistro	Nome
8	7294	ES081114017294	ESPH3605514587	MOURISCAD E ROVER MARIA
10	7303	ES041114017303	ESPH3605517754	MOURISCAD E ALTAALANZO DORIAN
14	7314	ES041114017314	ESPH3605545721	MOURISCAD E CAMELO MARIPAZ
15	7316	ES061114017316	ESPH3605552151	MOURISCAD E WHEELHOUSE CARMA ET
16	7319	ES091114017319	ESPH3605545723	MOURISCAD E CAMELO MAGENTA
18	3760	ES091114413760	ESPH3605591884	MOURISCAD E PERU TEIXUGA
19	3761	ES001114413761	ESPH3605591885	MOURISCAD E PERU PICH A
20	3762	ES011114413762	ESPH3605591886	MOURISCAD E PERU CHELA
22	3767	ES061114413767	ESPH3605591887	MOURISCAD E PERU FABIOLA
23	3768	ES071114413768	ESPH3605687393	MOURISCAD E PERU LUNAR
27	3781	ES081114413781	ESPH3605643394	MOURISCAD E GIGABALL LIMONADA
28	3789	ES061114413789	ESPH3605643392	MOURISCAD E PERU BOTINA
29	7655	ES091114607655	ESPH3605643395	MOURISCAD E GUIRI LETICIA
31	7668	ES011114607668	ESPH3605674602	MOURISCAD E GUIRI TABANA

Os licitadores que acudiron a poxa foron os seguintes:

Gandería	Núm. identificativo	Asistencia
Gandeiría Rielo, S.C.	1	SI



Ganadería Sabugueiro, S.C.	2	NON
Alberto Rielo Fernández	3	SI
Gandería Midon, S.C.	4	NON
Brais Oro García	5	NON
Pena-Guisande, S.C.	6	NON
Casa Piñeiro, S.C.	7	SI
Ganadería Caxide, S.C.	8	NON
Ganadería Clam, S.L.	9	SI
Gandería Louzao, S.C.	10	SI
Finca Ferradas, S.C.	11	SI
Carriento, S.C.	12	SI
Gandería Pardo, S.C.	13	SI
Pedrolas S.A.T. Nº1026 XUGA	14	NON
Vigide S.C.	15	SI
San Juan Camba S.L.	16	SI
Jesus Dieguez Cuñarro	17	SI
Ganadería Manteiga SC	18	SI
Ganadería Casa Lucía	19	SI
Varela Montrigo S.L.	20	NON
San Vicente de Niveiro SAT 1141 XUGA	21	NON
Jose Ramon Carballeiro Becerra	22	SI
Ramón Vazquez Cumbras	23	SI
Ganadeiria Muíñeiro SC	24	SI
Jaime Fernandez Chicano	25	SI
Oscar Neira Docampo	26	NON
Pena Guisande SC	27	SI
Jose Luis Pereira Pazos	28	NON

O resultado final da poxa foi o seguinte :

LOTE	Vaca	Crotal	Prezo de saída (sen IVE)	IVE (10%)	Prezo de saída (co IVE)	Prezo de remate (sen IVE)	IVE (10%)	Prezo de remate (co IVE)	Adxudicatario provisional
1	9663	ES071113519663	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	3.400,00 €	340,00 €	3.740,00 €	Jose Ramon Carballeiro Becerra (79335825Q)
2	9677	ES001113519677	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	4.500,00 €	450,00 €	4.950,00 €	Pena Guisande SC (J27335983)
3	9681	ES031113519681	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	3.600,00 €	360,00 €	3.960,00 €	Casa Piñeiro, S.C. (J27476704)
4	5969	ES041113815969	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	4.400,00 €	440,00 €	4.840,00 €	Jose Ramon Carballeiro Becerra (79335825Q)
5	5982	ES051113815982	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	2.900,00 €	290,00 €	3.190,00 €	Ganadería Manteiga SC (J36519098)
6	6006	ES021113816006	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	4.400,00 €	440,00 €	4.840,00 €	Ganadería Casa Lucía (J44868420)
7	7282	ES071114017282	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	3.700,00 €	370,00 €	4.070,00 €	Pena Guisande SC (J27335983)
8	7294	ES081114017294	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	RETIRADA
9	7299	ES031114017299	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	3.600,00 €	360,00 €	3.960,00 €	Ganadería Casa Lucía (J44868420)
10	7303	ES041114017303	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	RETIRADA



11	7305	ES061114017305	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	2.900,00 €	290,00 €	3.190,00 €	Ganadería Casa Lucía (J44868420)
12	7307	ES081114017307	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	3.100,00 €	310,00 €	3.410,00 €	Vigide S.C. (J94096377)
13	7313	ES031114017313	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	2.900,00 €	290,00 €	3.190,00 €	Carriento, S.C. (J36519171)
14	7314	ES041114017314	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	RETIRADA
15	7316	ES061114017316	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	RETIRADA
16	7319	ES091114017319	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	RETIRADA
17	3758	ES081114413758	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	2.900,00 €	290,00 €	3.190,00 €	Gandería Louzao, S.C. (J94000387)
18	3760	ES091114413760	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	RETIRADA
19	3761	ES001114413761	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	RETIRADA
20	3762	ES011114413762	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	RETIRADA
21	3763	ES021114413763	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	5.000,00 €	500,00 €	5.500,00 €	Pena Guisande SC (J27335983)
22	3767	ES061114413767	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	RETIRADA
23	3768	ES071114413768	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	RETIRADA
24	3771	ES091114413771	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	4.000,00 €	400,00 €	4.400,00 €	Ganadería Casa Lucía (J44868420)
25	3776	ES041114413776	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	3.600,00 €	360,00 €	3.960,00 €	Vigide S.C. (J94096377)
26	3779	ES071114413779	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	3.600,00 €	360,00 €	3.960,00 €	Ganadería Casa Lucía (J44868420)
27	3781	ES081114413781	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	RETIRADA
28	3789	ES061114413789	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	RETIRADA
29	7655	ES091114607655	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	RETIRADA
30	7656	ES001114607656	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	2.400,00 €	240,00 €	2.640,00 €	Gandería Louzao, S.C. (J94000387)
31	7668	ES011114607668	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	RETIRADA
					TOTAL	60.900,00 €	6.090,00 €	66.990,00 €	

A Mesa de Contratación queda do resultado da poxa de gando vacún da Finca de Mouriscade celebrada o día 12 de xuño de 2026.

5. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración, instalación e posta en marcha dun analizador multiparámetro selectivo automatizado de análises químicos con determinación por colorimetría para o laboratorio da Finca Mouriscade. (Expte.- 2026016393).



A Secretaria da Mesa de Contratación informa que, na sesión de data 04/06/2026 procedeuse á apertura dos sobres únicos, correspondentes coa documentación administrativa e ofertas avaliáveis mediante criterios automáticos, e previamente á súa valoración, deuselle traslado das fichas técnicas adxuntadas ó servizo de Medio Ambiente da Deputación de Pontevedra, para solicitar informe sobre a adecuación das mesmas ás características técnicas do PPT.

O informe foi emitido con data 04/06/2026, concluíndo que a ficha técnica do único licitador que se presenta ó procedemento cumpre cos requisitos mínimos establecidos no PPT (CSV: CJ3RZ3CB3V3LSO9N)

A continuación, procédese coa valoración dos prezos ofertados, de conformidade coas fórmulas recollidas no prego admsitrativo que rexe o procedemento, alcanzando o único licitador a seguinte puntuación:

	Prezo ofertado sen IVE (máx. 100 pts)
METROHM HISPANIA, S.L. (B88334131)	1,765 puntos

En base ao exposto a Mesa de contratación acorda:

- 1) Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas ao procedemento aberto simplificado convocado para contratación da *“Subministración instalación e posta en marcha dun analizador multiparámetro selectivo automatizado de análise químico con determinación por colorimetría para o laboratorio da Finca Mouriscade”*, que queda da seguinte forma:

Posición	Licitador	Puntuación
1ª	METROHM HISPANIA, S.L. (B88334131)	1,765 puntos

- 2) Propor ao órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da *“Subministración instalación e posta en marcha dun analizador multiparámetro selectivo automatizado de análise químico con determinación por colorimetría para o laboratorio da Finca Mouriscade”*, ó licitador METROHM HISPANIA, S.L. (B88334131), que acada a mellor puntuación, dacordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rexe no procedemento, polos prezos e valores ofertados.

A Mesa de Contratación comproba que METROHM HISPANIA, S.L. (B88334131), atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación e demais circunstancias inscritas. A maiores, compróbase a traves do sistema de intermediación de datos que atópase ó corrente de pagos coa AEAT e coa Seguridade Social, e de alta no IAE, así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.



- 3) Facultar á Secretaria suplente da Mesa de Contratación para que requira á empresa METROHM HISPANIA, S.L. (B88334131), mediante comunicación electrónica, para que no prazo de 7 días hábiles contando desde o seu envío, aporten a documentación establecida nos pregos para a adxudicación do contrato.
- 4) Que de non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a empresa licitadora retira a súa oferta, e procederase nese caso a esixirille o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

6. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6007 Goleta-Cercio-Estrada Rodo-Brántega, dende o P.Q. 2+550 ao P.Q. 2+800. Concello de Lalín". (Expte.- 2026016418).*

A Secretaria da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 30 de abril de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6007 Goleta-Cercio-Estrada Rodo-Brántega, dende o P.Q. 2+550 ao P.Q. 2+800. Concello de Lalín*".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 7 de maio de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- AUDECA S.L.U.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- NAROM, S.L.

A Mesa de Contratación na reunión do día 28 de maio de 2026 procedeu á apertura dos sobres "A", documentación técnica, aportada polos licitadores ó procedemento convocado para a contratación da referida obra, remitíndose dita documentación ó servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais para á súa valoración.

O Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, e o Xefe da Sección de Proxectos, D. Jaime David Ruibal de Sola, con datas 12 e 15 de xuño de 2026, respectivamente asinaron un informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:



LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	18,00	3,00	21,00
NAROM, S.L.	14,00	2,00	16,00
AUDECA, S.L.U.	12,00	2,00	14,00

A Mesa de Contratación en base ó informe conxunto do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, e do Xefe da Sección de Proxectos, D. Jaime David Ruibal de Sola, asinado de forma electrónica con datas 12 e 15 de xuño de 2026, respectivamente, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra *"Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6007 Goleta-Cercio-Estrada Rodo-Brántega, dende o P.Q. 2+550 ao P.Q. 2+800. Concello de Lalín"*.

7. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante fórmulas, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6007 Goleta-Cercio-Estrada Rodo-Brántega, dende o P.Q. 2+550 ao P.Q. 2+800. Concello de Lalín". (Expte.-2026016418).

A Secretaria informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra *"Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6007 Goleta-Cercio-Estrada Rodo-Brántega, dende o P.Q. 2+550 ao P.Q. 2+800. Concello de Lalín"*.

LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	21,00
NAROM, S.L.	16,00
AUDECA, S.L.U.	14,00

A Secretaria comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A Secretaria da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita



obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B			
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001
AUDECA, S.L.U.	475.199,95 €	1,00%	36 MESES	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	481.615,02 €	3,00%	36 MESES	SI
NAROM, S.L.	500.429,30 €	3,00%	36 MESES	SI

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentadas polas empresas admitidas neste procedemento procedeuse á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADO 9001	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
AUDECA, S.L.U.	20,93	5,00	0,00	5,00	30,93
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	16,96	5,00	5,00	5,00	31,96
NAROM, S.L.	4,51	5,00	5,00	5,00	19,51

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra *"Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6007 Goleta-Cercio-Estrada Rodo-Brántega, dende o P.Q. 2+550 ao P.Q. 2+800. Concello de Lalín"* que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	21,00	31,96	52,96
2	AUDECA, S.L.U.	14,00	30,93	44,93
3	NAROM, S.L.	16,00	19,51	35,51

2. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra *"Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6007 Goleta-Cercio-Estrada"*



Rodo-Brántega, dende o P.Q. 2+550 ao P.Q. 2+800. Concello de Lalín” á empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U, (B94181807) de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	481.615,02 €
IVE (21%)	101.139,15 €
Importe Total	582.754,17 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa, CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U, (B94181807) figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

3. Facultar á Secretaria da Mesa de Contratación para que requira á empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U, (B94181807), mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:

- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
- 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
- 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.

b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 25.356,17 €



8. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición de firme na E.P. 2602 Peinador-Louredo, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 4+420 (Concello de Mos)". (Expte.-2025070519).

A Secretaria da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 30 de abril de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "Reposición de firme na E.P. 2602 Peinador-Louredo, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 4+420 (Concello de Mos)".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 7 de maio de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
- MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.

A Mesa de Contratación na reunión do día 28 de maio de 2026 procedeu á apertura dos sobres "A", documentación técnica, aportada polos licitadores ó procedemento convocado para a contratación da referida obra, remitíndose dita documentación ó servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais para á súa valoración.

O Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, e a Xefa de Sección de Conservación e Explotación, Dona María Elena Pérez Alonso, con data 16 de xuño de 2026, asinaron un informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
NAROM, S.L.	18,00	3,00	21,00
MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA, S.L.	19,00	2,00	21,00
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	18,00	2,00	20,00



A Mesa de Contratación en base ó informe conxunto do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao e da Xefa de Sección de Conservación e Explotación, Dona María Elena Pérez Alonso, asinado de forma electrónica con data 16 de xuño de 2026, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra *"Reposición de firme na E.P. 2602 Peinador-Louredo, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 4+420 (Concello de Mos)"*.

9. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante fórmulas do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición de firme na E.P. 2602 Peinador-Louredo, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 4+420 (Concello de Mos)". (Expte.- 2025070519).

A Secretaria informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra *"Reposición de firme na E.P. 2602 Peinador-Louredo, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 4+420 (Concello de Mos)"*.

LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
NAROM, S.L.	21,00
MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA, S.L.	21,00
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	20,00

A Secretaria comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A Secretaria da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B			
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	597.197,34 €	3,00%	36 MESES	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	572.542,40 €	3,00%	36 MESES	SI
NAROM, S.L.	588.065,88 €	3,00%	36 MESES	SI



De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentadas polas empresas admitidas neste procedemento procedeuse á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADO 9001	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	6,45	5,00	5,00	5,00	21,45
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	19,56	5,00	5,00	5,00	34,56
NAROM, S.L.	11,55	5,00	5,00	5,00	26,55

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra *"Reposición de firme na E.P. 2602 Peinador-Louredo, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 4+420 (Concello de Mos)"* que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	21,00	34,56	55,56
2	NAROM, S.L.	21,00	26,55	47,55
3	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	20,00	21,45	41,45

2. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra *"Reposición de firme na E.P. 2602 Peinador-Louredo, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 4+420 (Concello de Mos)"* á empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., (B36633537) de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado572.542,40 €
 IVE (21%)120.233,90 €
 Importe Total692.776,30 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación efectúa a comprobación de que a empresa, MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.. (CIF B36633537), figura inscrita no Rexistro Oficial de



Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (número 4577) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

3. Facultar á Secretaria da Mesa de Contratación para que requira á empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.. (CIF B36633537), mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:

- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
- 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
- 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.

b) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios materiais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:

- Planta para a fabricación de formigóns bituminosos (mezclas bituminosas en quente) cunha capacidade mínima de 100 toneladas á hora que non diste máis de 100 km por estrada da obra.
- Equipo de extensión de mesturas bituminosas en quente.

c) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 30.438,19 €

10. Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de cáterinɡ do programa +CONVIVIR 2026-2027. (Expte.- 2026029043).

A Secretaria da Mesa de Contratación informa que, por acordo de Xunta de Goberno, adoptado na sesión do día 29 de maio de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a



adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de cátering do programa +CONVIVIR 2026-2027.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público con data 29/05/2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Secretaria informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera, en cada procedemento de licitación, un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A Secretaria da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres correspondente á documentación administrativa e ofertas presentadas polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

1. JOSE FAJARDO, SL (CIF: B15320187)
2. RESTAURANTE SALA GRADIN SL (CIF: B36114122)
3. ÓSCAR RIVAS VINSEIRO (CIF: 44090900S)

11. Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á proposta avaliable mediante fórmulas, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de cátering do programa +CONVIVIR 2026-2027. (Expte.- 2026029043).

A Secretaria informa que a Mesa de Contratación, na reunión do día 18 de xuño de 2026 a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, procedeu á apertura dos sobres "A", correspondentes a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de cátering do programa +CONVIVIR 2026-2027.

As empresas presentadas e admitidas son as seguintes:

1. JOSE FAJARDO, SL (CIF: B15320187)
2. RESTAURANTE SALA GRADIN SL (CIF: B36114122)
3. ÓSCAR RIVAS VINSEIRO (CIF: 44090900S)

A continuación, a Secretaria da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á desenscriptación e descarga da



documentación presentada nos sobres “B”, correspondentes aos criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan neste procedemento aberto.

Os valores ofertados polas empresas son os seguintes:

JOSE FAJARDO, SL (CIF: B15320187)

1. Prezo ofertado (para as 36 xornadas):

Importe sen o IVE*: 210.014,40 €
 IVE (10 %): 21.001,44 €
 Importe total ofertado: 231.015,84 €

2. Mellora de medios humanos adscritos ao servizo:

CRITERIO	SELECCIONAR
Ratio de 1 camareiro por cada 45 asistentes	☐
Ratio de 1 camareiro por cada 40 asistentes	☒

3. Mellora do menú mínimo esixido:

- Produtos adicionais de gastronomía local non incluídos no mínimo esixido (indicar número e cales):
 - Cantidade: 5
 - Nome dos produtos: xamón da Caniza, vieiras, mexilóns, galo celta, terneira galega
- Inclusión doces galegos variados: **SI**
- Inclusión de opcións específicas para dietas especiais (mínimo: vegana, sen gluten): **SI**

4. Compromiso de aplicar un sistema de control de calidade na xestión da seguridade e inocuidade alimentaria (Etiqueta UNE-EN ISO 22000 e/ou Certificación FSSC 22000): NON

RESTAURANTE SALA GRADIN SL (CIF: B36114122)

1. Prezo ofertado (para as 36 xornadas):

Importe sen o IVE*: 211.327,20 €
 IVE (10 %): 21.132,72 €
 Importe total ofertado: 232.459,92 €

2. Mellora de medios humanos adscritos ao servizo:

CRITERIO	SELECCIONAR
Ratio de 1 camareiro por cada 45 asistentes	☐
Ratio de 1 camareiro por cada 40 asistentes	☒

3. Mellora do menú mínimo esixido:

- Produtos adicionais de gastronomía local non incluídos no mínimo esixido (indicar número e cales):



- Cantidad: 2
